

A provincia de Lugo garda nas súas vilas e lugares, nas súas paisaxes naturais, un legado histórico e artístico sorprendente. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un ciclo programado pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación de Lugo que abre as portas de tesouros, habitualmente fechados, e deseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para gardar na memoria unha experiencia cultural única.

Reserva a túa praza!

Colaboran:



As visitas guiadas que realizamos na Semana do Patrimonio Invisible baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos.

Por este motivo, as prazas para cada quenda de visitas son limitadas e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.

.....

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que cada solicitante poderá reservar un **máximo de 2 visitas para 2 persoas.**

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial e **completar o formulario de reservas:**

www.patrimonioinvisible.gal



Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



.....

SEMANA DO PATRIMONIO INVISIBLE

Espazos agochados de Lugo

7 e 8 | 14 e 15 | **xuño 2025**

I edición





Encoro de Belesar (Chantada)

A colosal obra de enxeñaría do Encoro de Belesar impón desde fóra, pero imaxina poder acceder ás súas entrañas. Unha visita excepcional para descubrir a historia e funcionamento dunha das maiores centrais hidroeléctricas do país.

Ferraría de Penacova (Bóveda)

Ver unha ferraría en funcionamento é todo un privilexio. Poucas quedan en Galicia que aínda accionen os seus mazos coa forza da auga. O ferreiro Manuel acóllenos en Penacova para que poidamos sentir de novo o son e a calor deste interesante conxunto etnográfico e de patrimonio industrial.

Igrexa do Hospital (O Incio)

Unha igrexa agochada feita de mármore e pedra calcaria, san Pedro Fiz garda moito máis no seu interior. Vaste sorprenderte coas súas xoias de arte medieval e coas historias de cabaleiros da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén.

San Vicente do Pino (Monforte de Lemos)

Coroando Monforte de Lemos, o que foi mosteiro de San Vicente do Pino é un conxunto monumental emblemático. Esta visita permitirache explorar este espazo na súa totalidade, incluíndo a súa maxestosa igrexa e o actual Parador de Turismo.

Pazo de Ferreiroá (Pantón)

Unha ocasión única para entrar nun pazo particular, con obxectos e estancias que nos trasladan aos tempos de esplendor da fidalguía galega. Na súa adega mesmo se rodou algunha escena do filme *A esmorga*.

Seminario de Santa Catarina (Mondoñedo)

O Real Seminario Conciliar de Santa Catarina é o edificio máis grande de Mondoñedo. Na imponente arquitectura dun dos seminarios máis antigos, agóchase unha sorpresa: a súa extraordinaria biblioteca.

Mosteiro de San Salvador de Lourenzá (Lourenzá)

Nesta visita, terás a oportunidade de explorar a súa maxestosa igrexa e o seu claustro, onde a vida monástica deixou unha fonda pegada. Descubrirás o sepulcro de mármore do Conde Santo, unha peza do século XI con lendas de peregrinación, e un espectacular relicario do século XVII.

Mananciais de Mondoñedo


Un tesouro agochado de enxeñaría hidráulica con séculos de historia. Esta visita única guiarate a través de diferentes galerías subterráneas e antigos acuedutos que, desde tempos remotos, conduciron a auga á cidade.

Cova de Santalla de Lóuzara (Samos)

Comparte moitas características coas grutas calcarias da veciña serra do Courel, na mesma área xeolóxica. No seu interior, o tempo e a auga labraron espectaculares formacións cársticas ao longo de milenios, conformando un atractivo e sorprendente espectáculo visual.


7 Sábado

- 10 h Encoro de Belesar
- 12 h Ferraría de Penacova
- 12.30 h Encoro de Belesar
- 16 h Encoro de Belesar
- 17 h San Vicente do Pino de Monforte
- 18 h Igrexa do Hospital
- 19 h Igrexa do Hospital



8 Domingo

- 11 h Cova de Santalla de Lóuzara
- 12 h Ferraría de Penacova
- 13 h Cova de Santalla de Lóuzara
- 16 h Cova de Santalla de Lóuzara
- 17 h Igrexa do Hospital
- 18 h Cova de Santalla de Lóuzara
- 19 h Igrexa do Hospital



14 Sábado

- 10 h Seminario de Mondoñedo
- 10.30 h Seminario de Mondoñedo
- 11 h Seminario de Mondoñedo
- 16 h Mosteiro de Lourenzá
- 16 h Mananciais de Mondoñedo
- 17 h Mosteiro de Lourenzá
- 18.30 h Mananciais de Mondoñedo



15 Domingo

- 11 h Pazo de Ferreiroá
- 12 h Pazo de Ferreiroá
- 13 h Pazo de Ferreiroá
- 16 h San Vicente do Pino de Monforte
- 17 h Ferraría de Penacova
- 18 h San Vicente do Pino de Monforte
- 19 h Ferraría de Penacova

